




O REXURDIMENTO. O CONTEXTO

1. Contexto político

No primeiro terzo do século XIX escenifícase o enfrontamento entre dous bandos ideolóxicos: **absolutistas e liberais**. En 1808 prodúcese a invasión francesa, ben acollida polos afrancesados, porque entendían que contribuía ao triunfo dos ideais da Revolución Francesa. Liberais e absolutistas optaron polo rexeitamento da invasión e promoveron, con axuda británica, unha firme resistencia contra o invasor. A fidalguía e o clero contribuíron a mobilizar a poboación campesiña.

En Galiza formouse unha “**Xunta Suprema do Reino**” para coordinar a resistencia contra o invasor. Esta constitúe unha experiencia de recuperación da consciencia colectiva e o autogoberno galego.



Entrada do Colexio San Xerome, un dos lugares onde se reunían os liberais santiagoueses. (Hoxe sede do reitorado da Universidade).

Proclamación da Constitución de 1812 nas Cortes de Cadiz



Os liberais promoveron nas Cortes de Cádiz a elaboración da Constitución de 1812. En 1814 Fernando VII regresou ao trono, derogou a Constitución e reinstaurou a monarquía absoluta. Esta situación mantívose por longo tempo, ata a súa morte en 1833, co único lapso do Trienio Liberal (1820-1823). Á súa morte, a loita pola sucesión dá lugar ás Guerras Carlistas. Coa subida ao trono


de Isabel II, os políticos liberais desmontan o sistema do Antigo Réxime, ao tempo que instauran un modelo estatal hipercentralista e uniformizador. Galiza deixa de existir como unidade política ao ser dividida en catro provincias. Esta reforma provoca o nacemento do primeiro movemento de carácter galeguista, o **Provincialismo**.

A ordenación do territorio español a **finais do século XVIII**



1833. O ministro de Gobernación, **Javier de Burgos**, propuxo unha nova división provincial, a mesma que chegou ata nós con algúns axustes.





Alegoría da 1ª República

En 1868 comezará unha nova etapa política, o Sexenio Revolucionario. Figuras galegas como Murguía, Curros Enríquez, Montero Ríos etc. participan deste movemento. En 1873, instáurase a Primeira República. Nesta etapa encáranse algúns problemas históricos do país, pero a brevísima duración do réxime impidiu calquera cambio.



Un levantamento militar supón o regreso da dinastía borbónica e dá paso a un período denominado Restauración. Desde 1875 alternan no goberno liberais e conservadores, nun sistema político corrupto e caciquil.




Manuel Murguía



Montero Ríos



—¿Salgo?
—¡No hombre, no! Aún no, hasta el día 10.



2. O contexto social e económico

Galiza é no século XIX un país eminentemente rural, cunha economía precapitalista, case exclusivamente agraria e mariñeira. A propiedade da terra segue a articularse arredor do foros e en réxime de minifundio.




A industria terá un papel pouco relevante. A conserveira foi a industria máis sobranceira en Galiza, sobre todo a partir da década dos 80 do século XIX, da man de fomentadores e industriais cataláns. Esta industria serviu para empregar moita man de obra feminina e como motor de transformación da pesca galega.



A falta de infraestruturas e as deficiencias nas vías de comunicación causadas pola marxinación política de Galiza no deseño estatal estrangulaban en boa medida as posibilidades de desenvolvemento económico durante o século XIX.

Polo que di á demografía, na segunda metade do século prodúcese un estancamento orixinado pola crise agraria e o inicio da sangría migratoria. No interior do país esta situación é cada vez máis grave, fronte á evolución das zonas costeiras que comezan a experimentar crecementos notables (Vigo, Vilagarcía, Ferrol, A Coruña).



A emigración é o factor determinante da demografía galega no XIX. Produciuse un desprazamento de máis de 900.000 persoas cara a países como Arxentina, Uruguai, Cuba ou Brasil. Aínda que houbo quen fixo fortuna, a meirande parte dos emigrantes voltaban avellentados e case tan pobres como marcharan. Os cartos feitos na emigración serviron nuns casos para redimir os foros, noutros para construír escolas, mais non se investiron na industria nin no comercio. A emigración provocou o aumento das taxas de mulleres solteiras, o avellentamento da poboación e a escaseza de forza de traballo.

O ferrocarril chegou con máis de dúas décadas de demora con respecto ás demais zonas peninsulares, dispuxo de conexión coa rede hispana só a partir de 1883 e tivo que agardar ata mediados do século XX (1943) para ver conectadas as dúas cidades máis potentes economicamente do país, Vigo e A Coruña.




1895. Finalización da liña Carril-Pontevedra

3. A evolución do pensamento galeguista


A medida que se vai agravando a situación de marxinalidade de Galiza nun Estado cada vez máis centralista, aumenta en certos sectores da sociedade a preocupación polo presente e polo porvir do país, retomando as análises que fixeran algúns ilustrados no século XVIII.

A). O Provincialismo (1840-1864) reivindica a unidade de Galiza fronte ao novo deseño provincial, defende postulados liberais e antiabsolutistas, protesta contra a marxinación e salienta o carácter diferencial do pobo galego, con base na súa historia e na súa cultura.

O termo “Provincialismo” aparece por primeira vez nas discusións sobre a división provincial nas Cortes de 1821 e úsase para referirse aos movementos non centralistas e ás reivindicacións das comunidades locais fronte aos abusos do poder central. A denominación axiña pasa a referirse a un movemento político galeguista, que fai fincapé na necesidade de que os galegos tomen conciencia da súa singularidade e se preparen para formar unha unidade política que resulte operativa. Os provincialistas aspiran, pois, a




Escudo do Antigo Reino de Galicia



restaurar a antiga unidade administrativa, a provincia ou Reino de Galicia, que a reforma administrativa iniciada en 1812 por Javier de Burgos partira en catro áreas inconexas, se ben este sería unicamente un dos factores. Queren tamén recuperar a dignidade e o bo nome de Galicia e dos galegos, sendo así que no Provincialismo vai desembocar todo o malestar anterior que denunciaba o atraso e o colonialismo que postergaban o país, ademais de reivindicacións de tipo lingüístico que denunciaban a presión do castelán. No seu ideario destaca sobre todo un claro obxectivo: a defensa de Galicia. O


provincialismo baséase:

- na valoración de todo o galego (a súa historia, a súa cultura, a súa arte, a súa literatura, as súas figuras máis destacadas...);
- na consecución da unidade galega (tratábase de concienciar ao país e de sumar vontades nun esforzo común de rexeneración; de formar un espírito galego baseado na comunión de intereses e para o cal Castela encarnaría o símbolo da opresión);
- e na creación dunha organización política ou articulación dun partido que tendese á autonomía.




Gravado de Meléndez con tipos populares do século XIX.

Pero, en realidade, tal como sinalan algúns autores, tratábase máis dun movemento intelectual que dun programa concreto de goberno.



Os principais defensores desta doutrina van participar no Levantamento de Solís de 1846, un pronunciamento militar de carácter progresista que vai reivindicar a unidade do antigo Reino de Galicia. A Revolución de 1846 significou fundamentalmente o intento de que Galicia fose por vez primeira tida en conta no conxunto do Estado. Malia ter sido abortado e fusilados os seus cabecillas, que serán historicamente coñecidos como os “mártires de Carral”, deixará tras el unha fonda pegada da que será

herdeiro o galeguismo posterior. Trala derrota, o galeguismo reprégase a posicións culturais, abandonando a política activa. A represión coa que será castigado trae consigo a dispersión do grupo. Algúns vense abocados ó exilio; outros, tras marchar a Madrid, experimentan unha moderación ideolóxica dentro do liberalismo.




B). O Rexionalismo.(1886-1915) Manuel Murguía, na súa obra *Los precursores* (1886),e nun artigo seu publicado en *La Región Gallega* subliña no plano teórico que o pobo galego é un pobo singular e Galicia unha nación. Xorde así o Rexionalismo, que cadrará co Rexurdimento literario. Estas diferenzas como pobo baséanse: na raza, na lingua, os costumes, a xeografía e as relacións de propiedade e produción.

Durante o período rexionalista aparecen:



- as críticas ao sistema político da Restauración (caciquismo, “turnismo” ou alternancia pacífica dos partidos no goberno...), responsables do atraso no que se atopaba sumida Galicia;
- as primeiras organizacións políticas atentas aos intereses específicos de Galicia ou os chamamentos á unión de todos os galegos.




La Patria Gallega, órgano da Asociación Regionalista Gallega, saíu en 1891.

Galicia pasa a ser vista como unha rexión ou nacionalidade con dereito a reivindicar a súa cultura propia e aspirar á autonomía, e postúlase a necesidade dunha representación parlamentaria dos intereses galegos.

Fronte á fase anterior provincialista:


- Esta nova etapa traerá definicións máis precisas de tipo ideolóxico e propostas organizativas, así como a afirmación da existencia dunha nacionalidade galega (teorizada por Murguía) e a crítica do centralismo propugnado polo Goberno español.
- Os liberais galegos aspiran á descentralización en todos os ámbitos —non só no administrativo—, dentro dun modelo xurídico-político: a autonomía, que non implica separatismo, senón que supoñía un xeito de articular a unidade do Estado a medio camiño entre o Estado unitario e o federal (destacando a reivindicación dun “poder legislativo” para Galicia).
- Durante este período intensifícase a actividade do galeguismo e as súas reivindicacións, ao tempo que se van sentar as bases ideolóxicas do que será, con posterioridade a 1916, o movemento nacionalista propiamente dito.



Tendencias

Tres homes liderarán as tres tendencias que van coexistir dentro do Rexionalismo:

- Murguía (a liberal progresista).
- Alfredo Brañas (a católico-tradicionalista) e
- Aureliano J. Pereira (a federalista),



**Tendencias do
Rexionalismo**

Unhas e outras coinciden na idea de que Galicia é unha rexión (ou nacionalidade) e como tal ten dereito á rexeneración dos seus trazos culturais e lingüísticos e á autonomía política. **Murguía**, que levou a cabo unha fonda reflexión sobre as causas dos males do país,

salientando o centralismo e o caciquismo como as dúas lacras fundamentais ás que tiña que facer fronte a sociedade galega, contribuíu a definir a especificidade de Galicia como cultura e como pobo, con base nunha serie de elementos:

- a raza celto-sueva
- a lingua
- os costumes
- a personalidade
- a xeografía
- o clima
- outras características propias, como certas relacións específicas de propiedade ou de produción, definición que gozou dunha ampla aceptación entre os sectores galeguistas.



A Ribeira Sacra

Os dous teóricos distinguíronse fundamentalmente en que mentres o primeiro consideraba a Galicia como unha nación, para Brañas esta era máis ben unha rexión que debía permanecer subordinada ao estado.

Declive

Os enfrontamentos internos (entre liberais —Murguía— e tradicionalistas —Brañas—, unha vez que quedan fóra os federorrexionalistas —Pereira—), a loita polo liderado e as acusacións de separatismo que recaen sobre algúns dos seus dirixentes desembocará no ocaso deste movemento, que non consegue nin o apoio da Igrexa, nin o da burguesía e fidalguía, e que tampouco logra prender nas clases medias onde nacera.



4. O contexto lingüístico

1. Axentes da castelanización

Durante o século XIX prodúcese un incremento no ritmo e na intensidade do proceso de penetración e de imposición do castelán na sociedade galega. Ese incremento deriva da aparición en escena de novos axentes como son:

- a) Os medios de comunicación escritos (prensa periódica).
- b) O incremento no número de escolas de educación primaria, a partir da entrada en vigor da chamada “Ley Moyano” (1857).



c) O reforzo do aparello administrativo estatal.

d) O establecemento na Galiza ao longo do século XIX de moitos elementos burgueses (comerciantes, armadores, empresarios) de orixe foránea (cataláns, maragatos etc.).



e) O influxo da emigración transoceánica a países de fala hispana por parte de importantes continxentes da poboación rural galega.



f) Detéctase tamén unha maior extensión das actitudes despectivas cara ao galego e dos prexuizos sobre as súas capacidades e características. A identificación entre galego e atraso cobra agora aínda máis forza ca nos séculos anteriores.



Como resposta a ese notable incremento do uso do castelán e como reacción contra esas opinións sobre a nosa lingua, aparece un movemento de minorías cultas que coñecemos como **Rexurdimento**.

2. As institucións do Estado centralista como motores da castelanización

2.1. A Administración


Contra mediados do século XIX as autoridades impoñen taxativamente o emprego do español en ámbitos concretos da vida social e administrativa. As novas entidades do Estado liberal centralista, Deputacións provinciais e Concellos, marxinan totalmente o idioma galego, tanto oralmente como por escrito.



2.2. A Escola pública

No transcurso do século XIX a institución escolar vive cambios decisivos. Deixa de estar en moitos casos baixo a tutela da Igrexa católica para pasar a mans do Estado, interesado agora en estender o máis posible unha rede pública de centros que forme os novos cidadáns e que lexitime ideoloxicamente o novo statu quo.

A escola establece a marxinación explícita, tanto activa como pasiva, dos idiomas existentes que non sexan o castelán. Así, en 1836 promúlgase o “Plan General de Instrucción Pública”, que entre outros aspectos establece: “la lengua nacional es la única de que se hará uso en las explicaciones y libros de texto”. A “Ley Moyano” de 1857 dispón, na mesma liña, que “la Gramática y la Ortografía de la Academia Española serán texto obligatorio y único para estas materias en la enseñanza pública”. Isto acontecía tanto na rede pública como nas chamadas “escolas de ferrado”. A escola vai ser, desta maneira, un dos principais focos de expansión e un dos principais métodos de introdución do castelán nas diversas capas da sociedade galega.



APÉNDICE

OS MÁRTIRES DE CARRAL - 1846


2 de abril. O comandante Solís sublévase en Lugo contra o goberno conservador de Narváez. Súmanse ao levantamento máis de 14 vilas galegas e as cidades de Vigo e Pontevedra. Conflúen na iniciativa o liberalismo progresista e o xérmolo do nacionalismo.



13 de abril. As tropas de Solís e o exército gubernamental de Puig Samper encóntranse en Ponte Sigüero. Solís fai alarde da súa benevolencia e decide retirarse cara a Santiago de Compostela para facer noite.



15 de abril. Fórmase en Santiago a Xunta Superior do Goberno de Galicia: "Esta Xunta consagrarase constantemente a engrandecer o antigo Reino de Galicia."



O secretario da Xunta, o galeguista Antolín Faraldo, afirma que: "Galicia arrastrando ata aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte vai erguerse da súa humillación e abatemento".




Solís: "Empuñade as armas para defender a liberdade e o país galego das concupiscencias do centralismo".



23 de abril. 10 h. Iníciase a batalla de Cacheiras en Montouto, concello de Teo. As tropas de Solís repréganse a Santiago onde máis de 500 estudantes universitarios se suman ás súas filas. 19 h. En San Martiño Pinario as tropas gubernamentais deteñen a Solís e a outros oficiais. As escasas munições obrigáronnos á retirada despois dun duro e heroico enfrontamento corpo a corpo.



2 de abril. Camiño da Coruña os detidos son interrogados en Carral. Chega unha orde de rápido fusilamento para asustar o resto da poboación, aínda disposta a rebelarse. 26 de abril. 18 h. O exército fusila o comandante Solís e outros 11 oficiais, quedando sepultados no cemiterio de Paleo. A acción causa arrepío na poboación da vila.



En conmemoración dos sucesos de 1846 os galeguistas promoven a construción do monumento aos Mártires da Liberdade. A monumental escultura de Asorey colócase no centro da vila de Carral no ano 1904.

